

ACTA

En Arzúa, a 7 de novembro de 2016.

Sendo as 10.10 horas, reúnense na Aula axeitada para iso no andar primeiro do edificio municipal multiusos, nomeado “Terra do Queixo”, sito na rúa Padre Pardo, os membros integrantes da Comisión Seleccionadora que cualificará o **exercicio teórico** do proceso de selección polo sistema de oposición, convocado para poder seleccionar á persoa que será contratada na modalidade de contrato de interinidade, para desempeñar o posto de traballo de **conductor e operario de servizos varios** que viña desempeñando o traballador don Manuel Codesido García, que se atopa na situación de baixa por enfermidade, coa mesma xornada de traballo que dito traballador, e ata que se produza a súa reincorporación a ese posto de traballo ou a provisión do citado posto de traballo a través do correspondente proceso de selección. O cal se acordou realizar a través das Bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 1 de setembro de 2016.

Estando presentes os seguintes catro integrantes da Comisión Seleccionadora:

- Presidente: D. Luis Fole Barrio (*arquitecto técnico do Concello de Arzúa*).
- Vogais:
 - D. Jesús Rúa Taboada (*conductor e operario de servizos varios do Concello de Arzúa*)
 - D. Ramón Vereá Castelo (*encargado dos servizos de mantemento do Concello de Arzúa*).
- Secretario: D. Juan Colmenares López-Soldado (*secretario do Concello de Arzúa*) que actúa con voz pero sen voto.

E visto que existe o quórum suficiente para a válida constitución da Comisión Seleccionadora, --de conformidade co disposto no artigo 26 nº 1, da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, (*que resulta de aplicación a este procedemento por virtude do disposto na disposición transitoria terceira da Lei 39 /2015 de 1 de outubro*)- o presidente procedeu a declarar constituída dita Comisión, co obxecto de levar a cabo a realización do primeiro exercicio dos dous de que consta a oposición, cuxo exercicio consistirá en “**responder a un cuestionario de vinte preguntas, tipo test, sobre os contidos do temario que se recolle no Anexo I das Bases que rixen a oposición**”.

Para o cal, polo presidente e os dous vogais, elaboráronse as vinte preguntas en que consistirá dito exercicio, de maneira que cada cuestión formulada tivera tres respostas alternativas, sendo só unha de tales respostas a considerada como correcta.

E así, unha vez efectuadas as fotocopias suficientes dos catro folios que conteñen as vinte preguntas elaboradas, máis outras tres preguntas de reserva, procedeu a facer entrega de ditas fotocopias a cada un dos trinta e dous aspirantes que compareceron a realizar este exercicio (*dos trinta e oito que figuraban na lista definitiva de admitidos*); facéndolles saber o secretario da Comisión Seleccionadora:

- Que deberán facer constar o seu nome e apelidos en cada un dos folios entregados,

así como o número do Documento Nacional de Identidade.

- Que deberían marcar, sobre as fotocopias facilitadas, cal era en cada caso a resposta correcta cunha X.

- Que se valoraría con 1 punto cada resposta correcta, restando 0,25 puntos as respostas incorrectas, mentres que as respostas en branco non puntuarían nin restarían.

- Que será necesario obter unha puntuación de 10 puntos sobre 20 posibles, para superar o exercicio.

- Que as puntuacións obtidas por cada aspirante serán publicadas no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, unha vez que se realice a corrección dos exercicios; concretando ao mesmo tempo cal será o día, lugar e hora en que se realizará o exercicio práctico da oposición; tendo previsto realizar esa corrección no día de hoxe.

- Que o tempo máximo para responder ás vinte preguntas elaboradas, sería de 30 minutos, desde as 10,20 horas ata as 10,50 horas.

Sendo dito cuestionario o que deseguido se transcribe; figurando deseguido as respostas correctas, para coñecemento dos aspirantes que realizaron dito exercicio:

1.- Que é o medio ambiente?

- A) Contorna física
- B) Todo aquilo que nos rodea
- C) As áreas verdes

2.- Cal é o tempo apróximado que tarda en descompoñerse unha bolsa de plástico convencional na natureza?

- A) Varias décadas
- B) Varias semanas
- C) 745 días

3.- Como se denomina a operación consistente en recoller, clasificar, agrupar ou preparar residuos para o seu transporte?

- A) Recollida selectiva
- B) Recollida
- C) Xestión de residuos

4.- En prevención de riscos laborais, denomínanse EPIs:

- A) Aos equipos persoais individuais
- B) Aos equipos de protección individual
- C) Aos equipos de prevención individual

5.- Se ten que realizar un traballo e non ten o EPI necesario. Que debe de facer?

- A) Facer o traballo con sumo coidado
- B) Non realizar o traballo ata que vaia provisto del
- C) Dependendo do risco que entrañe o traballador tomará a decisión

6.- Como se refrixera un motor?

- A) Por aire e por auga
- B) Por aire
- C) Por auga

7.- Por que as pezas dun motor pódense gripar?

- A) Por falta de enerxía eléctrica
- B) Por falta de lubricación ou engrase

C) Por falta de combustible

8.- A caixa de cambios é utilizada para?

- A) Para liberar o movemento do motor da transmisión
- B) Para transmitir o movemento do motor ao embrague
- C) Para transmitir maior ou menor velocidade de xiro á árbore de transmisión

9.- A árbore de transmisión, de onde recibe o movemento de xiro?

- A) Do embrague
- B) Do eixe secundario da caixa de cambio
- C) Do diferencial

10.- Qué garante o sistema neumático de suspensión utilizado por algúns camiões de gran tonelaxe?

- A) Mellora no comportamento do vehículo ao aumentar o peso suspendido en cada un dos seus eixes
- B) A nivelación automática da carrocería
- C) Diminúe a sobrecarga que existe nos muelles mecánicos

11.- Segundo a ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento do lixo do Concello de Arzúa, como medida social de fomento do reciclaxe e protección do medio ambiente, sobre a cota que resulte por aplicación das normas contidas na ordenanza, aplicarase unha redución do.....

- A) 30 % para aquelas vivendas que realicen compostaxe de materia orgánica mediante composteiros, ben a título individual ou por participación nalgún programa promovido polo Concello de Arzúa.
- B) 20 % para aquelas vivendas que realicen compostaxe de materia orgánica mediante composteiros, ben a título individual ou por participación nalgún programa promovido polo Concello de Arzúa.
- C) 10 % para aquelas vivendas que realicen compostaxe de materia orgánica mediante composteiros, ben a título individual ou por participación nalgún programa promovido polo Concello de Arzúa.

12.- Segundo a ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento do lixo do Concello de Arzúa, a tarifa doméstica para unha vivenda con recollida alterna é de.....

- A) 45 € ao ano
- B) 35 € ao ano
- C) 65 € ao ano

13.- Segundo a ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento do lixo do Concello de Arzúa, a cota fixa para locais comerciais é de.....

- A) 100 € ao ano
- B) 150 € ao ano
- C) 200 € ao ano

14.- Segundo a ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento do lixo do Concello de Arzúa, os locais comerciais contarán cunha cota variable que dependerá

- A) dos metros de fachada
- B) dos m² do local e dos m de fachada
- C) dos m² do local

15.- Para frear o impacto dos residuos sobre o medio ambiente, os plans de xestión de

residuos adoitan propoñer tres accións, as chamadas “tres erres”

- A) Reducir, remediar e reciclar
- B) Reducir, reutilizar e reciclar
- C) Rebuscar, recuperar e reutilizar

16.- Os residuos contaminantes son...:

- A) Sustancias químicas orgánicas, como os plásticos, metais e pesticidas
- B) Sustancias venenosas e tamén emisións de enerxía (en forma de radioactividade, luz, calor ou son) que enturban o medio ambiente
- C) Sustancias químicas nocivas para a saúde dos seres vivos

17.- Nunha vivenda habitada por catro persoas, a media estimada de lixo que se produce cada ano é de:

- A) 1 tonelada
- B) 500 kilogramos
- C) 2 toneladas

18.- O papel normal e o cartón son materias doadamente reciclables. O papel pódese reciclar ata:

- A) Sete veces
- B) Cinco veces
- C) Seis veces

19.- Segundo a Ley de Prevención de Riscos Laborais, que se entende por equipo de traballo?

- A) O equipo destinado a ser levado polo traballador para que o protexa dun ou varios riscos que poidan ameazar á súa seguridade ou á súa saúde no traballo, ou calquera complemento ou accesorio destinado a tal fin.
- B) Calquera característica do traballo que poida ter unha influencia significativa na xeración de riscos para a seguridade e saúde do traballador.
- C) Calquera máquina, aparato, instrumento ou instalación utilizada no traballo.

20.- Unha protección denomínase colectiva cando:

- A) Non se denomina protección individual
- B) Pode ser utilizada por máis dun traballador
- C) Protexe a todos os traballadores

Preguntas de reserva:

1.- Indique cal dos seguintes residuos debe depositarse nos colectores verdes para a súa reciclaxe:

- A) Espellos
- B) Cartón
- C) Ningunha das respostas é correcta

2.- Canto tarda en biodegradarse unha bolsa de papel na natureza?

- A) Aproximadamente dous anos e medio
- B) Varias semanas
- C) Cinco anos

3.- Son obrigas do traballador:

- A) Organizar e planificar a prevención
- B) Adoptar as medidas de seguridade e saúde
- C) Establecer medidas de emerxencia

Plantilla:

- 1.- B
- 2.- A
- 3.- A
- 4.- B
- 5.- B
- 6.- C
- 7.- B
- 8.- C
- 9.- B
- 10.- B
- 11.- B
- 12.- B
- 13.- A
- 14.- C
- 15.- B
- 16.- B
- 17.- A
- 18.- A
- 19.- C
- 20.- C

E para as tres preguntas de reserva:1.- C, 2.- B e 3.- B

Como resultado da corrección dos cuestionarios realizados, a Comisión Seleccionadora, por unanimidade dos seus tres membros integrantes con dereito a voto, otorgou as seguintes puntuacións, seguindo para iso o mesmo orde co que figura incluído cada aspirante na lista definitiva de admitidos neste proceso de selección:

	NOME E APELIDOS	Puntuación proba teórica
1	José Luis Ramos Ferreiro	17,50
2	José Manuel Vázquez Garea	12
3	Francisco Javier Costoya Castro	6,25
4	Alejandro Piñeiro Veiga	11,75
5	Xulio Costoya Pampín	9,25
6	Celso Pardo Vence	9,25
7	José Juan Aller Alamancos	Non presentado
8	Manuel Vázquez Baldomir	8,75
9	Oscar Tato Mosquera	7,50
10	José Ramón Rodríguez Rey	16,50
11	Javier Ignacio Pampín Budiño	13
12	Angel Ramón Vidal Quintela	6,25
13	Cesáreo Xabier Moscoso Fuentes	12,50
14	Juan José Rivas Mosquera	11,50
15	Carlos Collado Blanco	11,75
16	Victor Souto López	10,25
17	Jesús López Rodríguez	8,75

18	José Manuel Sánchez Espiñeira	Non presentado
19	Carlos Cea Fuentes	8
20	Juan José Paz Quinteiro	13
21	Javier Montero Vázquez	11,25
22	Eva Paxaro Gómez	11,25
23	Miguel Angel Meijide Cesar	8,75
24	Ismael Sesar Carbajales	17,75
25	José María Couto Mendoza	7,75
26	José Ramón Fuentes Esperón	8
27	José Vicente Pérez Crego	10
28	Fernando Jose Cardelle Raiño	Non presentado
29	Ramón Brea Camino	13,75
30	Jesus Manuel Fernández Furelos	10,25
31	José Rodríguez Rodríguez	12,50
32	Jose Luis Vázquez Astray	8,75
33	David Vázquez Nieto	Non presentado
34	Martín Quintela Castro	13,25
35	Juan Carlos Souto Andrade	11,75
36	Ruben Carramal Meis	Non presentado
37	Sergio Martínez Esmoris	10
38	Jose Luis Varela Pereira	Non presentado

Tras considerar oportuno repasar as puntuacións outorgadas a aqueles aspirantes que obtiveron unha puntuación próxima aos dez puntos, necesarios para superar o exercicio, comprobando de novo os cuestionarios contestados.

Adoptouse -tamén por unanimidade dos mesmos tres membros da Comisión Seleccionadora con dereito a voto- os seguintes acordos:

Primeiro: Ratificar as puntuacións que quedaron indicadas, para cada un dos trinta e dous aspirantes presentados, e publicar no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello unha copia da acta estendida desta reunión, para que os interesados poidan coñecer cales foron as puntuacións obtidas neste primeiro exercicio, de carácter teórico da oposición convocada.

Segundo: Facer saber aos aspirantes, que non obtiveron a puntuación mínima de 10 puntos, que quedaban eliminados para continuar no proceso de selección, por canto que así se deduce da Base Décimoprimeira das que rixen dito proceso.

Terceiro: Convocar aos restantes aspirantes que superaron o exercicio teórico, para que comparezan a realizar o **exercicio práctico** da oposición, o vindeiro día **11 de novembro** (venres) as **9.00 horas**, nas inmediacións do local social de Santa María, sito en dita parroquia para o cal se lles convoca co obxecto de que comparezan en dito local á hora sinalada; facéndolles saber que dito exercicio consistirá en realizar unha proba práctica co camiión grúa, a cal se cualificara de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superar este exercicio; seguindo para a súa realización o orde de presentación das respectivas

instancias no Rexistro Xeral do Concello, para o cal cada aspirante disporá dun tempo máximo de quince minutos.

Co cal deronse por rematadas as actuacións que quedaron descritas, ás 13.30 horas do indicado día; estendéndose a presente acta, para ser subscrita polos membros da Comisión Seleccionadora e para constancia no expediente. De todo o cal dou fe.